

# Expertos de Galicia acudiron ao cuarto seminario Ciencia e Territorio

## Máis de 60 profesionais participaron nas xornadas de arqueoloxía celebradas en Melide

*As sesións teóricas completáronse con diversas saídas de campo*

Redacción  
Melide

As cuartas xornadas Ciencia e Territorio celebradas en Melide do 11 ao 13 de setembro congregaron a máis de 60 participantes chegados de toda Galicia para asistir ás distintas sesións organizadas, e que este ano se centraron na arqueoloxía. Foron principalmente docentes de ensino primario e secundario os que participaron nas conferencias e saídas de campo, organizadas pola Nova Escola Galega e o IES de Melide.

A sesión inaugural das xornadas sobre arqueoloxía contou coa participación de Felipe Arias, director xeral de Patrimonio, que foi o encargado de abrir o ciclo de conferencias cunha ponencia sobre *A arqueoloxía en Galicia. Historia e patrimonio*. Arias resaltou os vínculos que debe haber entre a arqueoloxía e o patrimonio, e a sociedade, e plantexou a cuestión do futuro do patrimonio, así como das mans nas que debe recaer a súa conservación. Como ex director do Museo do Castro de Viladonga, Arias expúxolle

aos asistentes a súa experiencia nun centro ubicado ao carón dun xacemento arqueolóxico que máis tarde foron visitar os participantes nas xornadas.

A segunda sesión dos seminarios contou coa participación do catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela Fernando Acuña, que disertou sobre o urbanismo castrexo. Acuña referiuse, entre outros, ao frecuente equívoco de equiparar o celtismo coa cultura castrexa, e máis tarde abordou as fontes que se manexan para reconstruír a etapa castrexa, así como os elementos distintivos da mesma. Acuña abordou tamén o urbanismo relixioso. Trala conferencia do investigador, entrevistou Xosé Manuel Caamaño Gesto, arqueólogo e profesor titular da USC, que falou dos campamentos romanos centrándose en particular na Cidadela, en Sobrado dos Monxes, do cal é director da excavación. Caamaño expuso aos asistentes as peculiaridades xerais dos campamentos romanos, e máis detidamente abordou o caso de Sobrado, que se



Durante tres días debateuse sobre arqueoloxía en Melide

completou cunha visita á propia Cidadela á que seguiu un percorrido polo castro da Graña. A xornada completouse cunha visita e charla ao Museo de Melide na que participaron Fernando Acuña e Xosé Manuel Broz Rei, director do museo.

A terceira e última sesión das xornadas sobre arqueoloxía celebradas en Melide centrouse na arqueoloxía da paisaxe, e tivo como ponentes a Felipe Criado, director do grupo de investigación do proxecto

Bocelo- Furelos, e a dous dos arqueólogos que colaboraron no traballo, Matilde González e Fidel Méndez. Os tres abordaron os traballos que se sucederon en diferentes campañas entre os anos 1987 e 1992, e expuxeron os resultados do estudo a través dos modelos da paisaxe que identificaron na Serra do Bocelo. Cos participantes, debateuse sobre a falla de implicación dos concellos na xestión dos recursos arqueolóxicos, así como do papel da administración.

---

## **Os asistentes ás ponencias crén preciso explotar culturalmente os xacementos locais**

Tralo remate da última conferencia e da correspondente saída de campo, os participantes nas cuartas xornadas Ciencia e Territorio, centradas desta volta na arqueoloxía, tiraron unha serie de conclusións comúns nas que destacaron a Terra de Melide como unha das comarcas máis e mellor estudadas de Galicia en canto a arqueoloxía. A pesar disto, os expertos subliñaron a necesidade de que os concellos exploren, dende a perspectiva cultural, educativa e turística, o potencial arqueolóxico dos seus xacementos, e constataron a carencia de iniciativas neste sentido na Terra de Melide.

Os asistentes indicaron como necesario o desenvolvemento de programas de concienciación social e loubaron a importancia de eventos como as xornadas organizadas pola Nova Escola Galega e o IES Melide. Incidiron tamén na necesidade da posta en marcha de museos comarcais.